

Recentemente anexionado reino galego-leonés á coroa de Castela fixo que gran parte do territorio deste novo reino (fusionado no ano 1230 baixo o reinado de Fernando III) falase galego. Por outra parte, o que hoxe chamamos lírica galego-portuguesa, estaba en pleno apoxeo. Neste ambiente naceron as Cantigas de Santa María, que veñen sendo un grupo de máis de 400 composicións en honra á Virxe, compostas polos músicos da corte de Afonso X e polo propio rei.

Estas cantigas divídense en cantigas de loor e cantigas de narrativas ou de milagres. A primeira cantiga, a décima e todas as que constitúen múltiplos de dez denomínanse cantigas de loor, teñen carácter lírico e son oracións en honra á virxe. As outras cantigas narran cadanseu milagre. As melodías son sinxelas, silábicas e uniformes no plan formal. Constan dun refrán que dá pé a cada unha das estrofas. En cada estrofa á súa vez hai unha frase musical que se repite trala que se reexpón a música do refrán. A forma musical é como a do virelai francés, que segue este esquema: A bba A bba.... A.

Ritmo presenta o mesmo problema que as cantigas de Codax - descoñécese a duración das notas -, e para resolvelo seguimos o traballo de Roberto Pla, segundo o cal debemos aplicarles patróns rítmicos da métrica clásica, o que se pode traducir nos compases da notación musical actual.

Presentamos estas cantigas acompañadas por un conxunto de instrumentos tradicionais, como se de música folk se tratase, para devolvelas ó ambiente de música popular co que naceron.

Organiza:



Colabora:



www.mediasintetases.es



Quantas sabedes amar amigo

2 de decembro de 2012
ás 19:00 horas
na Catedral de Mondoñedo

Programa

ALFONSO X / Cantiga XXXVII • Esta é de cómo Santa María sandou na súa igrexa de Lugo a unha muller contrafeita dos pés e das mans.

MARTIN CODAX / Cantiga I

ALFONSO X / Cantiga CCXXVII • Como Santa María liberou un escudeiro que estaba cativo de maneira que non o viron os que gardaban o cárcere en que permanecía.

ALFONSO X / Cantiga C • Esta cantiga é de loor a Sta. María.

MARTIN CODAX / Cantiga II

ALFONSO X / Cantiga XXI • Esta é como Santa María fixo concibir un fillo a una muller estéril, e despois morreulle, e resucitoulo.

ALFONSO X / Cantiga CIII • Esta é de cómo Santa María fixo estar o monxe trescentos anos oíndo o canto dunha paxariña, porque lle pedía que lle mostrase cal era o ben que tiñan os que estaban no paraíso.

MARTIN CODAX / Cantiga IV

ALFONSO X / Cantiga CXL • Esta é de loor de Santa María.

ALFONSO X / Cantiga CXI • Esta é de cómo un clérigo de misa, que servía a Santa María, morreu no río que vén por París; e ao terceiro día resucitouno Santa María e sacouno do río.

MARTIN CODAX / Cantiga V

ALFONSO X / Cantiga CCXLIX • Como un mestre que labraba na igrexa que chaman Santa María de Almazán, en Castroxeriz, caeu da cima ao fondo, e protexeuno Santa María para que non se ferise.

ALFONSO X / Cantiga CLXVI • Esta é como Santa María curou un home que estaba tolleito de corpo e dos membros, na súa igrexa en Salas.

Director: Fernando G. Jácome

CANTAR DELAS Nace en 2007. Organiza anualmente en Lugo dous concertos corais. Tamén anualmente participa en cursos de técnica vocal. Desde o seu inicio, as súas compoñentes están dirixidas por Fernando G. Jácome.

Tundal

Antón Castro: *zanfona, mandolina* / Manuel Darriba: *acordeón*
Pedro Lucas: *frauta* / Miguel Díaz: *clarinete, frautas*
Xoán Fuertes: *violín, oud, bouzouki* / Xosé Luís Ansemil: *percusión*

Tareixa Campo Directora, actriz e autora teatral. Fundadora do grupo de teatro "Achádego". Colaboracións en cine, vídeo e Tv. Autora de pezas de teatro e adaptacións e traducións ao galego.

Estas cantigas forman parte do rico patrimonio literario e musical da lírica medieval galega. Sitúanse cronoloxicamente no século XIII, época de esplendor da lírica galego-portuguesa, época da que conservamos cantigas profanas – de amigo, de amor e satíricas – , e cantigas relixiosas – Cantigas de Santa María.

feito de seren tan escasos os testemuños de cantigas medievais galaico-portuguesas que chegaron aos nosos días confire ás cantigas de Codax un valor engadido. Estas cantigas - atopadas de casualidade, nun pergamiño medieval, polo libreiro Pedro Vindel en 1914 - están escritas no pentagrama cunha notación que, aínda que deixa claro cales son as notas que conforman a melodía, non permite saber con exactitude cal é a duración destas notas. Este é o reto que nos propón o sistema de escritura musical usado a finais do século XIII, que abre á interpretación o ritmo que se ten que aplicar á melodía. De calquera maneira estas cantigas, simples na forma e no estilo, parecen ter máis relación coa música folclórica que coa música trobadoresca. Non debemos pasar por alto a teoría que relaciona estas composicións con melodías de autoría feminina interpretadas por mulleres, e relacionadas desde a antigüidade con labores agrícolas e ritos relixiosos, imitadas por trobadores e xograres que suplantán a voz feminina tradicional. Deste xeito o trobeiro vigués Martin Codax sería o folclorista recompilador destes cantos de mulleres.

Caso é que hai quen di que estas cantigas teñen un auténtico recendo galego, comparable mesmo coa música de Montes, de Veiga, Marcial del Adalid...

Afonso X herdou do seu pai Fernando III a capela musical formada para entretemento dos cortesáns. O rei sabio alentou a proliferación de trobadores na súa corte e el mesmo foi músico e trobador. A relación coas familias reinantes do sur de Francia, xa dende tempos de Guillerme IX, enriqueceu o ambiente musical da corte castelá.